

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

DATA PUBLICACIÓN: [15/06/2023]

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

Avaliarase a aptitude pedagóxica das persoas opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente.

Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

Valorarase non só o produto final, senón o procedemento que seguiu o persoal opositor para alcanzar o resultado final, a idoneidade das técnicas e materiais descritos así como a viabilidade e cumprimento da normativa vixente na planificación e programación.

As probas poderán realizarse en galego ou castelán.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN

PARTE A:

No tema (parte A) avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido polo/a aspirante de entre cinco (5) sorteados do temario.

VALORARASE:

1. **ESTRUTURA DO TEMA:** índice, introdución, organización lóxica dos contidos, xustificación curricular e didáctica do tema, desenvolvemento equilibrado de todos os apartados co nivel académico axeitado e as referencias legislativas cando sexa pertinente, conclusións acordes ao tema, bibliografía e/ou webgrafía.

2. **EXPRESIÓN E PRESENTACIÓN:** fluidez na redacción e adecuada expresión escrita, riqueza e corrección léxica, ortográfica e gramatical, limpeza e claridade, orde e escritura lexible. Non se aprecian contradicións na expresión que poidan evidenciar unha lectura non literal do tema.

3. **CONTIDOS ESPECÍFICOS DO TEMA E ORIXINALIDADE:** nivel de profundización e actualización dos contidos, ilustra os contidos con exemplos, gráficos, etc. Os contidos están actualizados e axustados ao tema, desenvolve os contidos a nivel científico argumentando e interrelacionando ideas e contidos, secuencia lóxica, ordenada e coherente da exposición, desenvólvense formulacións e argumentos orixinais e innovadores.

Ponderará un 50% da cualificación total da proba.

EXAME PRÁCTICO (parte B2):

O exame práctico (parte B2) consistirá no desenvolvemento dunha opción de dúas pechadas formuladas polo tribunal.

Cada opción consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios ou supostos, en calquera caso, relacionados con un ou varios dos ámbitos establecidos no Anexo IV da Orde de 5 de decembro de 2022 pola que se convocan os procedementos selectivos.

VALORARASE:

1. Rigor no desenvolvemento do exercicio práctico: presenta unha estrutura coherente, presentación clara e correcta expresión gramatical, xustifica, no seu caso, o exercicio no marco teórico aplicado para a súa resolución.
2. Coñecemento científico da especialidade: utiliza a terminoloxía e conceptos adecuados, domina as ferramentas e instrumentos específicos necesarios para a resolución dos exercicios propostos, coñece os conceptos e normas legais aplicables aos casos formulados.
3. Dominio de habilidades técnicas da especialidade: aplica as técnicas e procedementos adecuados para resolver os problemas, estrutura os pasos para a resolución da proba de forma lóxica e coherente.
4. Resolución do exercicio e resultados obtidos: a resolución do exercicio é consecuencia do procedemento aplicado, o resultado do exercicio é correcto, está debidamente xustificando e as conclusións son correctas.

PARTE B1 DA PROBA (UNIDADE DIDÁCTICA):

Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.

Avaliarase a pertinencia de obxectivos de aprendizaxe, contidos a desenvolver e metodoloxía empregada, actividades de ensinanza-aprendizaxe, procedementos de avaliación e cualificación e propostas de atención á diversidade.

Ponderará un 50% da parte B da proba (25% do total da cualificación).